

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 25 DE FEBREIRO DE 2021 NA FÁBRICA DE SEL DO CONCELLO DE MUROS

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)

D^a María Lago Lestón (BNG)

D^a Paula Simal Mayo (BNG)


SECRETARIA XERAL:

D^a María Ofir Aboy García

No salón da fábrica de Sel do Concello de Muros, as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretaria xeral do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte:

ORDE DO DÍA



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén a señora alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero, que dá as boas tardes a todas as persoas presentes.

A. Parte dispositiva

Primeiro. Aprobación das actas anteriores núm. 2 de sesión de pleno ordinario do 28 de xaneiro de 2021 e núm. 3 de sesión extraordinaria e urxente do 4 de febreiro de 2021

A señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto das actas anteriores que se presentan para que o Pleno as aprobe. Non habendo ningunha observación, apróbanse as actas anteriores, a núm. 2 de sesión de pleno ordinario do 28 de xaneiro de 2021 e a núm. 3 de sesión extraordinaria e urxente do 4 de febreiro de 2021, por unanimidade dos membros da corporación.

Segundo. Moción do grupo municipal popular en apoio da transferencia á Xunta de Galicia da Xestión do Dominio Público Marítimo Terrestre

A Sra. alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, le a moción que é do seguinte teor literal:

“DITAME:

Moción do grupo municipal Popular en apoio da transferencia a Xunta de Galicia da Xestión do Dominio Público marítimo terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Galicia conta con 2.091 quilómetros de perímetro costeiro insular e peninsular, sendo a comunidade con máis territorio costeiro. Por esta razón, a comunidade galega leva solicitando ao Goberno central desde 2009 o traspaso das competencias en materia de xestión do dominio público marítimo terrestre.

Principalmente, reclámase esta xestión porque se trata dun territorio que ten unha especial vinculación con materias que xa son actualmente de competencia autonómica, como son a regulamentación urbanística, a construción de portos ou o control de vertidos na costa.

Ante a existencia de dous niveles administrativos diferentes nesta zona, considérase imprescindible continuar reclamando ao estado o traspaso a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo terrestre.

O obxectivo desta reclamación é acadar unha mellor prestación do servizo público, facéndoo a través dunha xestión de proximidade e con coñecemento máis detallado da nosa realidade costeira, referendada coa aprobación do Plan de Ordenación do Litoral.

Polo exposto, se presenta ao pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Instar ao Goberno central a proceder ao traspaso de competencias a Xunta de Galicia para a xestión do dominio público marítimo terrestre e traspasar os fondos que permitan garantir o mantemento dos servizos relacionados coa xestión do dominio público, como poden ser o salvamento marítimo e a defensa do litoral."

Intervén a voceira do grupo municipal socialista, a Sra. Caridad González Cerviño, dicindo que xa na comisión informativa estaban de acordo coa moción, pero quere facer unha par de puntualizacións; di que cando o PSOE gobernou, coa oficina urbanística daquel momento, fixeron alegacións para a modificación da liña da costa, e que se tiveron en conta, xa que a costa é moi diversa, polo que afirma que é moi importante para os concellos poder xestionar como se vai actuar na nosa costa.

Intervén a voceira do grupo municipal CxG, a Sra. María Xosé Alfonso Torres, dicindo que lles parece ben que esas competencias sexan transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia, xa que saben que outras comunidades xa as teñen, e tamén xa saben que o Partido Popular presentou esta moción noutros concellos, e ademais, está de acordo coa voceira do grupo socialista en que a costa é moi diversa, polo que lles parece ben en que se xestione dende a nosa comunidade.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG, a Sra. María Lago Lestón, dicindo que lles sorprende a actitude do Partido Popular. Cando se debateu no parlamento a Lei de transición ecolóxica, o BNG apoiaba que se retirara o punto sobre o dominio público marítimo terrestre, e foi unha reclamación que o Partido Popular tamén apoiou. Curiosamente o PSOE trouxo unha emenda que modificaba un dos puntos desa lei e que foi apoiada no congreso polo Partido Popular, en cambio no Pleno non foi apoiada. Di que eles están totalmente a favor de que as competencias sexan de Galicia e van apoiar esta moción, pero chámalle a atención que o Partido Popular diga que leva traballando nela dende 2009.

Volve a intervenir a voceira do grupo municipal socialista, a Sra. Caridad González Cerviño, para dicir que o BNG non ten forza no parlamento español para decidir estas cousas.


A Sra. alcaldesa tamén volve intervenir para dicir que se tiñan tanto interese, puideron traela antes, e non o fixeron.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación por unanimidade dos seus membros, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal CXG (3) e do grupo municipal do BNG (2), adopta o seguinte acordo:

Moción do grupo municipal Popular en apoio da transferencia a Xunta de Galicia da Xestión do Dominio Público marítimo terrestre

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia conta con 2.091 quilómetros de perímetro costeiro insular e peninsular, sendo a comunidade con máis territorio costeiro. Por esta razón, a comunidade galega leva solicitando ao Goberno central desde 2009 o traspaso das competencias en materia de xestión do dominio público marítimo terrestre.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Principalmente, reclámase esta xestión porque se trata dun territorio que ten unha especial vinculación con materias que xa son actualmente de competencia autonómica, como son a regulamentación urbanística, a construción de portos ou o control de vertidos na costa.

Ante a existencia de dous niveles administrativos diferentes nesta zona, considérase imprescindible continuar reclamando ao estado o traspaso a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo terrestre.

O obxectivo desta reclamación é acadar unha mellor prestación do servizo público, facéndoo a través dunha xestión de proximidade e con coñecemento máis detallado da nosa realidade costeira, referendada coa aprobación do Plan de Ordenación do Litoral.

Polo exposto, preséntase ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Goberno central a proceder ao traspaso de competencias a Xunta de Galicia para a xestión do dominio público marítimo terrestre e traspasar os fondos que permitan garantir o mantemento dos servizos relacionados coa xestión do dominio público, como poden ser o salvamento marítimo e a defensa do litoral.

Terceiro. Moción do grupo municipal do BNG sobre as demandas dos emigrantes retornados

Intervén a Sra. alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, que di que teñen unha moción do BNG sobre as demandas das persoas emigrantes retornadas que vén aprobada por maioría na comisión informativa cunha emenda do grupo socialista.


"DITAME:

Moción do grupo municipal do BNG sobre as demandas dos emigrantes retornados

As plataformas Comarcais de Emigrantes Retornados de Arousa Norte e de Muros-Noia, integradas na Coordinadora Nacional Galega de Emigrantes Retornados, fannos chegar a petición de incluír a seguinte moción no pleno da corporación de Muros, que subscribimos a continuación.

Os colectivos das/dos emigrantes retornados galegos levamos anos loitando contra o inxusto trato que o goberno central ten aplicando na tributación das pensións dos emigrantes que retornaron á súa Terra. Dende comezos do 2013 fomos agrupando os nosos esforzos a través de numerosas plataformas comarcais co fin de reivindicar xustiza e dignidade.

Somos milleiros de galegos e galegas, que, despois de ter que emigrar na procura de traballo e de oportunidades que nos permitiran acadar para nós e para as nosas familias un mellor futuro, decidimos volver a Nosa Terra, reencontrarnos cos nosos e pasar aquí os últimos anos da nosa vida. Mais, dende fai anos, as decisións do goberno central, para aumentar a súa recadación, pretenderon situarnos como defraudadores,



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

esixindo requirimentos inxustos con carácter retroactivo, a partir do 2012, cando sempre nos dixeron que non estabamos obrigados, como estaba explícito nos convenios bilaterais da maior parte dos países europeos


A gran mobilización social conseguiu que moitos emigrantes recuperaran o perdido por medio da disposición adicional da lei 26/2014, pero aínda hoxe continúan existindo graves problemas de inxustiza fiscal derivados da aplicación da Lei 25/2006, que regula o imposto sobre a renda das persoas físicas, que é necesario modificar para acadar un trato xusto. Precisamos que se estipulen normas claras, precisas e, sobre todo, xustas e igualitarias para a tributación das pensións percibidas no estranxeiro. Seria moi necesario tamén que se poña punto e final aos graves problemas derivados da inexistencia dun marco claro para o recoñecemento das pensións de invalidez, recoñecidas e pagadas polos países outorgantes e non recoñecidas aquí, só co fin de recadar a conta das desgrazas dos emigrantes; cando estamos pedindo que os nosos títulos e certificados sexan recoñecidos noutros países, aquí non quere recoñecer os de outros, que son os pagadores.

En xaneiro de 2020, o noso colectivo contempla esperanzado o acordo impulsado polo BNG para votar a favor da investidura de Pedro Sánchez, onde se recolle literalmente "Durante o 2020, serán adoptadas as medidas necesarias para evitar que as prestacións recibidas do estranxeiro por emigrantes retornados sufran unha dobre tributación, co obxectivo de evitar calquera trato discriminatorio entre a prestación interna e a estranxeira. Asemade, tratarase o prexuízo para os pensionistas, tanto na aplicación de limiares diferentes de renda para tributar no IRPF, como na circunstancia de recibir rendas de dous pagadores diferentes. Establecerase un marco homoxéneo para todas as pensións, contemplando as exencións de presentar as declaracións do IRPF e tributación a partir das mesmas cantidades que as pensións internas."

Neste ano 2020, desgraciadamente todas e todos sufrimos a pandemia do coronavirus, que se cebou especialmente cas máis maiores e paralizou as nosas vidas. Dende os colectivos de Emigrantes Retornados somos conscientes de que seguimos vivindo tempos difíciles e, por responsabilidade, non estamos a desenvolver a nosa actividade habitual de manifestacións e grandes actos. Somos persoas de alto risco, e iso impide, nestes momentos, desenvolver o dereito a saír ás rúas clamando os nosos dereitos. Isto non pode significar que a nosa loita deixe de estar activa, pois seguimos sen unha solución e, agora que temos que aprender a vivir coa pandemia, non podemos seguir agardando. Este é o motivo polo que nos diriximos ao Concello de Muros para que se sume as nosas demandas e axude a que a pandemia non silencie as nosas necesidades, dirixíndose ao Goberno central e ao Congreso dos e das Deputados/as para pedir a pronta aplicación do acordo asinado en xaneiro.

Por todo isto, se propón ao pleno da corporación a adopción do seguinte

ACORDO



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

1. *Expresar o apoio da corporación municipal as demandas dos Emigrantes Retornados e asumilas como propias.*

2. *Instar ao Goberno do Estado, ao ministerio de Facenda e ao Congreso dos Deputados a acelerar o cumprimento de conseguir que a tributación das prestacións recibidas do estranxeiro sexan iguais ca do resto dos españois*

Intervén a Sra. Lago para dicir que teñen unha emenda de substitución para presentar e que a vai explicar, que despois de consultalo coa plataforma de emigrantes retornados queren retomar o segundo punto tal e como se presentou na moción.

Intervén a voceira do grupo municipal socialista, a Sra. González, dicindo que están en contra de que se cambie o segundo punto, porque foi un acordo que se fixo na comisión informativa, e que a portavoz do BNG votou a favor.

A Sra. Lago sinala que votou en contra na comisión informativa.


Intervén a voceira do grupo municipal CXG, a Sra. Alfonso, dicindo que na comisión informativa votaron en contra de que se modificara o punto dous e que apoian a postura do BNG porque lles parece a máis adecuada.

Volve intervir a Sra. alcaldesa que di que eles manteñen a mesma postura que expuxeron na comisión de darlle o mesmo trato tributario ás prestacións percibidas no estranxeiro ca as se perciban aquí, polo que van a votar en contra da emenda do BNG.

A Emenda de substitución presentada pola voceira do grupo municipal do BNG que é do seguinte teor literal:

“2. Instar ao Goberno do Estado, ao Ministerio de Facenda e ao Congreso de Deputados, a acelerar o cumprimento do compromiso de adoptar, durante o 2020, as medidas necesarias para evitar que as prestacións recibidas do estranxeiro sufran unha dobre tributación, co obxectivo de evitar calquera trato discriminatorio entre as pensións internas e as do estranxeiro. Asemade, tratarase o prexuízo para estes pensionistas, tanto na aplicación de limiares diferentes de renda para tributar no IRPF, como na circunstancia de recibir rendas de dous pagadores diferentes e establecer un marco homoxéneo para todas as pensións, contemplando as exencións de presentar a declaración do IRPF e tributación a partir das mesmas cantidades que as pensións internas.”

Procédese a votar a emenda de substitución presentada polo BNG, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (2) e do grupo municipal CxG (3), e cos votos en contra do grupo municipal socialista (4) e do grupo municipal popular (4), polo tanto dita emenda non é aprobada, polo que a moción que se presenta a deliberación e acordo non se substitúe.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Volve intervir a Sra. Lago para dicir que nese caso queren retirar a moción polo que a propia plataforma lles solicitou.

A Sra. alcaldesa indica que teñen que volver a votar para a retirada do punto da orde do día,

Se procede a votar a retirada do punto da orde do día da moción do grupo municipal do BNG sobre a demanda dos emigrantes retornados cos votos a favor do grupo municipal do BNG (2) e do grupo municipal CxG (3), votos en contra do grupo municipal socialista (4) e abstencións do grupo municipal popular (4).

Á vista do resultado da votación a moción é retirada do punto da orde do día do pleno.

Cuarto. Declaración institucional sobre o Día Internacional da Muller

Intervén a Sra. alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, que da lectura á Declaración institucional realizada en conxunto por todos os grupos municipais da corporación sobre o día internacional da muller a celebrar o vindeiro 8 de marzo

"DECLARACIÓN INSTITUCIONAL - DÍA INTERNACIONAL DA MULLER 8M

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Segundo a ONU as mulleres desempeñan un papel imprescindible na loita contra a Covid-19, a pandemia fixo visíbel o papel esencial das mulleres para o sostemento da vida e aqueles traballos esenciais para a sociedade: como traballadoras no ámbito sanitario, a ciencia e a investigación, no comercio, na limpeza, pero tamén asumindo maioritariamente a responsabilidade dos coidados no ámbito privado.

O impacto de xénero da Covid-19, ou como a crise ocasionada pola Covid lle afecta de xeito diferente a mulleres e homes ten sido analizado por distintos organismos. Todos coinciden en sinalar que a tripla dimensión desta crise, sanitaria, social e económica, ten unha repercusión diferente entre homes e mulleres e que a resposta á crise debe incorporar o enfoque de xénero para que non se incrementen as desigualdades xa existentes. A reactivación social e económica non se pode desenvolver a costa das mulleres, un camiño para o que é imprescindible a dignificación do marco laboral. É indubidable que a plena igualdade no ámbito laboral só será posible se existe unha asunción equitativa do traballo doméstico e de coidados no ámbito do fogar, e unha racionalización dos tempos.

Unha das manifestacións máis crueis da crise da Covid foi a repercusión que tivo na violencia contra as mulleres, que retrocedeu en canto a visibilidade, ademais das enormes dificultades para romper coa espiral de violencia derivadas das restricións sanitarias e das dificultades para acceder presencialmente aos servizos e ter contacto social.

ACORDO

Recoñecemos e apoiamos a todas aquelas entidades, organismos e movementos que colocan no centro do



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

debate as consecuencias para as mulleres das desigualdades existentes no sistema económico, social e político, expresando o compromiso desta Corporación, para traballar contribuíndo a superar esta situación.

Instamos ao Goberno do Estado e ao da Xunta de Galicia, en colaboración coas entidades locais:

- A impulsar políticas dirixidas a pechar as moitas brechas que nos quedan aínda pendentes: a fenda salarial, a dixital...;*
- A ter en conta a nova realidade derivada da crise da Covid, no que se refire á conciliación e coresponsabilidade e a racionalización de horarios;*
- A destinar os recursos necesarios, tanto á inspección laboral, co impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que verifique a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero, como á atención á dependencia, ou a loita contra a pobreza infantil;*
- A ter en conta en calquera medida a interseccionalidade, pola que algúns sectores da sociedade, como as mulleres anciás, as que teñen diversidade funcional, as pertencentes ao colectivo LGBTI e a minorías étnicas e inmigrantes, son particularmente vulnerables ao virus e as súas consecuencias."*

B. Mocións de urxencia

Non se presentan

A. Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Quinto. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 86 de 25 de xaneiro ata a núm. 201 de 19 de febreiro de 2021, e das Xuntas de Goberno Local núm. 2, 3, e 4 de 22 de xaneiro de 2021, 5 e 16 de febreiro de 2021 respectivamente.

Se da conta das mesmas.


Sexto. Rogos e preguntas

Contestación dos rogos e preguntas do grupo municipal socialista presentadas no pleno anterior:

A voceira do grupo municipal socialista, dona Caridad González, tendo en conta a hora que era e con respecto á xente que se tiña que desprazar, non presentou ningunha pregunta.

Contestación dos rogos e preguntas do grupo municipal CxG presentadas no pleno anterior:

A voceira do grupo municipal Compromiso por Galicia, dona María Xosé Alfonso preguntou pola modificación do proxecto do Cine París, e é unha pregunta reiterada, xa que no mes outubro o grupo socialista xa preguntou polo proxecto, pero a Sra. alcaldesa di que a vai volver contestar. Di que o proxecto orixinal do



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

2012 que eles presentaron ao POS PLUS 2018 contemplaba a substitución de dúas cimbras, cando a situación real do edificio é a dun colapso parcial da cuberta que co paso do tempo se converteu nun colapso completo, que supuxo o arrastro de todo o palco, e a exposición de todo o interior. Que ás inclemencias meteorolóxicas, degradando todos os elementos interiores. Procedía, polo tanto, modificar o proxecto por partidas de desentullo, colocación da cuberta, desprazamento das fachadas... Polo que é unha evidencia que o proxecto presentado non se axustaba á realidade do edificio.

Preguntou tamén polas colonias felinas e a Sra. alcaldesa contesta que durante o ano 2020 abonouse á empresa Ethical Services For Animals, S.l. a cantidade de 48.620,58 euros pola recollida, estancias e gastos veterinarios de cans e gatos, pagouse unha factura do ano 2018 de 990 euros á clínica Animalifiños por tratamentos en gatos e durante este 2021 lévanse abonados máis de 22 mil euros por aplicación do protocolo CES captura e esterilización e solta a gatos.

Preguntou pola Relación de Postos e Traballo (RPT), di que de acordo coa mesa de negociación, abordarán a súa elaboración unha vez que se aprobe o orzamento.

Preguntou polo terreo da Igrexa para incrementar o parque de Tal e a Sra. alcaldesa contesta que está pendente dun informe urbanístico das parcelas resultantes.

Preguntou polo Decreto 1433 de arranxo de Portugalete e A Tremenda, e a Sra. alcaldesa responde que se corresponde ao pagamento dunha actuación comprobada pola arquitecto técnico municipal e que está informado pola Intervención municipal.


Contestación de rogos e preguntas do grupo municipal do BNG presentadas no pleno anterior:

A voceira do grupo municipal do BNG, dona María Lago preguntou se deron traslado á Xunta de Galicia de varios acordos plenarios sobre sanidade, sobre protocolos nos centros de ensino, etc, e a Sra. alcaldesa responde que non é responsabilidade da Alcaldía dar traslado destes acordos, pero segundo lle informou Secretaría, si se deron.

Preguntou sobre as actividades realizadas sobre a problemática dos xogos de azar durante o ano 2020, e contesta que, como ben sabe a Sra. Lago, durante o 2020 non se puido facer ningún tipo de actividade.

Preguntou pola vacinación do persoal do servizo de axuda a domicilio, e di que por parte da Xunta de Galicia estase proceder á vacinación do persoal do SAF, da policía local e do GES, ademais da vacinación das persoas de máis de 80 anos do concello.

Preguntou sobre a xestión sobre o poste de Ventín, e contesta que están en constante xestión coa empresa que vai executar a obra, pero que aínda non ten a autorización de Costas.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Preguntou por cantos parques eólicos hai e que canon pagaron no 2019 e no 2020 e a que se destinou ese canon nos últimos cinco anos, e a Sra. alcaldesa responde que comparten tres parques eólicos cos concellos de Carnota e Mazaricos, en Muros, exclusivamente non hai ningún. O canón é autonómico, e os concellos participan del a través do Fondo de compensación ambiental e durante os últimos cinco anos o concello percibiu aproximadamente 235 mil euros que se destinaron a cambios na iluminación pública e neste último ano á adquisición dun vehículo con guindastre para labores ambientais. O importe para o 2019 non se puido percibir porque o Concello presentou a conta xeral fóra de prazo polo que se perdeu este fondo, así coma a posibilidade de acceder a outros, a pesar de que se advertiu varias veces naquel momento ao goberno de Compromiso por Galicia.


Preguntou polos pagamentos aos medios de comunicación no 2020 e os conceptos, e a Sra. alcaldesa afirma que pagaron facturas de prensa escrita por un importe de 7.788,71 euros, dos cales, 765,99 euros corresponden ao pagamento de facturas do 2018 que estaban sen pagar. Di que descontando esta cantidade, o gasto é similar ao de anos anteriores, e correspóndense ás subscricións de xornais anuais e a publicación que se fan de Nadal, festas patronais, Entroido... e como novidade, fixeron un par de publicacións específicas sobre a COVID-19.

Preguntou por que a páxina do Concello comparte novas da prensa sobre a COVID-19 e non de fontes oficiais da Xunta de Galicia e quen xestiona a páxina, e contesta que dende o un ao vinte e sete de xaneiro no perfil do Concello de Muros en Facebook fixéronse vinte e sete publicacións relacionadas coa COVID no noso concello, destas, vinte e cinco, trasladaban información da Xunta de Galicia, polo que afirma que a afirmación da Sra. Lago é totalmente falsa, e se non ten nada que criticar, que non invente, e menos neste momento cando tantas persoas están a sufrir os efectos desta pandemia. E preguntalle pola páxina web da Deputación da Coruña e polo perfil de Turismo da Deputación da Coruña, que cre, que xestiona o BNG, que comparten constantemente enlaces a medios de comunicación coma os que a Sra. Lago citou, polo que non acaban de entender que se critique que se faga dende aquí. A xestión das páxinas e perfís faise dende o propio Concello, afirma que non hai contratada ningunha empresa externa.

Preguntou polos proxectos do campo de fútbol, e Sra. alcaldesa afirma que o proxecto dos vestiarios está en fase de replanteo, con bastantes problemas, e que o proxecto do campo de fútbol está asinado por catro arquitectos do estudo Naos Arquitectura, ningún deles é o Sr. Louzán, e que está neste momento en licitación.

Preguntou polo sinal de televisión na Abelleira, e a Sra. alcaldesa di que hai que substituír a torre por outra de maior altura e hai que buscar outra situación debido á afectación do castro. Patrimonio indicou que esta información a ten o Concello dende fai catro anos.

Preguntou polo saneamento en Tal, e a Sra. alcaldesa afirma que non lles consta ningunha incidencia.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

E preguntou polos orzamentos do 2021, e xa dixeron que están traballando neles e que os van a presentar en canto sexa posible.

Rogos e preguntas do grupo municipal socialista nesta sesión do pleno:

A voceira do grupo municipal socialista, a Sra. González di que queren saber como vai o pagamento dos trienios dos e das traballadoras.

A Sra. alcaldesa di que a esa pregunta si pode contestar, xa que na nómina deste mes xa van os trienios. Di que non pagaron os atraso, pero si se recoñeceu a antigüidade e comezáronse a pagar.

A Sra. González pregunta se se ampliou o persoal de axuda a domicilio, xa que teñen constancia que houbo baixas no persoal.

Queren rogar que se volva a colocar o contedor que se sacou da praza do Cristo de Tal.

Pregunta tamén se se fixo algún tipo actuación para a peatonalización da rúa de arriba que pediu o grupo socialista e que se aprobou no Pleno.

E tamén queren saber se se falou co presidente da Mancomunidade de Auga sobre o problema que hai con Espina & Delfín.

Rogos e preguntas do grupo municipal CxG nesta sesión do pleno:


A voceira do grupo municipal CXG, dona María Xosé Alfonso Torres comeza a súa intervención dicindo que o persoal do servizo galego de Benestar e o persoal do Consorcio, que no noso caso afecta á escola infantil de Esteiro e ao centro de día de Muros, están convocados a unha folga, polo que hai paros de tres horas cada xoves, saben que non é competencia do goberno local, pero queren preguntar se se interesou pola situación concreta deste persoal, en caso afirmativo, queren saber que foi o que lle trasladaron, e queren saber cal é a incidencia que está tendo esta folga no noso concello. Insiste que pregunta isto sabendo que non é competencia do concello.

Pregunta se se fixo ou se se vai facer unha mesa de traballo coa hostalaría para trasladarles a loita contra os efectos da pandemia, información, asesoramento, axudas, etc.

Di que estes días saíron fotos nas redes da calzada romana afectada polo paso de madeiristas, pregunta se alguén do concello comprobou eses danos e se realizou algún trámite para a súa reparación.

Afirma que tamén queren preguntar pola praza de Abastos de Muros, se chegou ao Concello algunha solicitude ou proposta de aproveitamento das zonas que están libres e se o goberno local ten algunha idea para dinamizar a praza, ou que idea ten para ese edificio.

Rogos e preguntas do grupo municipal do BNG nesta sesión do pleno:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG, a Sra. Lago, dicindo que antes de nada, queren comezar trasladando os parabéns á organización das Carrilanas de Esteiro despois de acadar a declaración de Festa de interese turístico nacional. Despois de moitos anos de traballo, de moitos bos momentos, e outros verdadeiramente malos, de atoparse en moitos casos con inmensidade de trabas e atrancos, o esforzo vén de ser recompensado. Dende o seu grupo séntense orgullosas de contar cunha entidade como a ADC Esteirana de Carrilanas no concello e comprométese publicamente a seguir colaborando con ela en todo canto estea nas súas mans. Parabéns á Esteiranada de Carrilanas e parabéns a todo Esteiro.

En canto ás preguntas do mes pasado, xa saben que en 2020 moitas das actividades non se fixeron, pero a moción que se presentou tamén falaba dun punto de atención ás adicións. A sanidade si que estivo funcionando, de certa maneira, todo hai que dicilo, e neste punto si podían ter feito algo, non só nas actividades.

Preguntan en que situación se atopa a elaboración da Relación de Postos de Traballo (RPT). Insisten na necesidade desta para poder dar estabilidade laboral e condicións dignas a todas as persoas que dependen laboralmente do Concello de Muros. Se depende, como contestou antes, do orzamento, rogan apuren o traballo, a xente quere estar na situación que lle corresponde.


Afirma que lles chegan varias queixas da veciñanza sobre a atención recibida en materia de protección animal. En varias ocasións deuse aviso de animais cruzando a estrada, poñendo en perigo a integridade de persoas e animais, e a resposta recibida foi que había que poñer un escrito no concello ao día seguinte, non sen antes avisar aos particulares que non poden facerse cargo dos animais que están soltos. En máis dunha ocasión tamén, logo da inacción por parte do concello, foron os propios particulares quen tiveron que localizar aos donos dos animais coa colaboración dos veterinarios locais. Preguntan que protocolo se está a seguir por parte do concello e por que non se está dando resposta a estes casos. Lembran que a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galiza, establece, no Artigo 6 que: *"1. Atribúese ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galiza a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei en cadanseu termo municipal."*

Di que ofrecerlle ás mariscadoras unha zona na que poder cambiarse preto da praia é unha vella demanda do sector. Rogan que se doten ás praias de marisqueo de vestiarios portátiles e que, ademais, se sinalicen as zonas de marisqueo para evitar que veciñanza e visitantes collan marisco ilegalmente.

Pregunta se hai algún avance en canto ao tema do sinal de televisión de Abelleira, xa saben que lles contestou, pero é para que o mes volva a dar unha resposta e vaia informando de como vai o asunto.

Pregunta se se fixo algunha xestión dende o concello para a creación dunha escola infantil municipal de 0 a 3 anos. Lembran que no ultimo tramo da lexislatura anterior aprobouse unha moción á iniciativa do BNG sobre este tema que o actual grupo de goberno secundou.

Di que nun dos últimos plenos preguntaron se o Concello tiña intención de levar a cabo algunha acción para



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

recuperar a titularidade municipal da Illa da Creba, ao que se lles contestou que retomarían os traballos onde o deixou o BNG, ben, cando o goberno do BNG deixou a Alcaldía estábese a reclamar a execución de varias sentenzas que reclamaban a restitución da zona onde se construíu o recheo e a esixencia das licenzas municipais que nunca foron solicitadas polos ocupantes. Pregunta se van a continuar con estas reclamas.

No último mes contabilizamos máis de vinte puntos de luz afundidos en diversas zonas do concello, algúns dos cales levan xa dende o 2019 afundidos. Entenden que na porta do Concello non hai problemas de visibilidade, pero no resto do concello a realidade é ben distinta. Rogan que se elabore un plan de mantemento e se teñan en conta estas deficiencias, resulta verdadeiramente triste que teñan que estar a lembrar nos plenos que se arranxen os farois afundidos.

Na rúa Porteliña hai unha praza de aparcamento reservada para persoas con mobilidade reducida, máis o acceso a ela resulta complicado por culpa do "petril", que ten o acceso excesivamente estreito, inutilizando esta praza. Rogamos que se busque unha solución para facilitar o acceso a ela.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e dez minutos, de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria xeral

Documento asinado electronicamente